



Clasificación

Reino Animalia

Filum Arthropoda

Clase Malacostraca

Subclase Eumalacostraca

Orde Decapoda

Familia Inachidae

Descrición

«Araña de mar» cuxo cacho pode alcanzar unha lonxitude de 32 milímetros por 11 milímetros de ancho. O seu cacho é de forma triangular, coa superficie lisa ou lixeiramente granulosa. A rexión frontal é moi estreita, consecuencia dun rostro bifido longo, que alcanza ou supera o quinto segmento peduncular da antena e que está lixeiramente flexionado cara arriba. Na rexión orbital, que non ten espiñas, destacan uns longos pedúnculos oculares con ollos non retráctiles e totalmente visibles desde a parte dorsal. Os quelípedos das femias son delgados e co propodio non dilatado, mentres que os dos machos son maiores e co propodio dilatado. Os pereiópodos do segundo ao quinto par son moi longos e delgados (a lonxitude dos meros do segundo par é tan longa ou maior que a lonxitude do cacho e do rostro xuntos). O dáctilo do quinto par con espiñas en toda a lonxitude da súa marxe interna, unhas maiores e outras máis pequenas, espazadas. Todos os pereiópodos, con sedas, unhas longas e outras en forma de gancho. O abdome de ambos os sexos, cos segmentos sexto e sétimo fusionados. Coloración do cacho e das patas, marrón avermellada.



Hábitat e Bioloxía

Desde los 10 hasta los 200 metros de profundidad, Desde os 10 ata os 200 metros de profundidade, sobre fondos duros e lamacentos, e en colonias de hidrozooos do xénero *Sertularella*. Pode acadar augas dos esteiros. Femias ovíxeras e larvas durante todo o ano.

Especies semellantes

Todas as especies do xénero *Macropodia* son facilmente confundibles entre si, sobre todo cando presentan algas ou hidrozoos pegados para camuflarse, escondendo desta forma os seus caracteres morfolóxicos.

Distribución

Desde as Illas Británicas ata o Mediterráneo.



Curiosidades

O nome da especie, *tenuirostris*, é un termo composto por dous epítetos latinos, *tenuis* ('delgado', 'esvelto', 'delicado') e *rostrum* ('pico') e significa 'pico delgado', que se refire á forma do seu rostro.